

## OS QUE CREARON O PROBLEMA DE FALTA DE MÉDICAS/OS, O “RESOLVEN” ACURTANDO A FORMACIÓN DOS MIR

**A CIG-Saúde denuncia que a Consellaría de Sanidade remitiu unhas instrucións que afectan as condicións laborais sen pasar pola Mesa Sectorial.**

**CIG-Saúde**, no mes de maio, ante a información de que a Consellería de Sanidade pretendía realizar encomendas parar que o persoal MIR de Medicina Familiar e Comunitaria e de Pediatría realizasen traballo asistencial, **esixiu que se tratase o tema na Mesa Sectorial** e se elaborase unha instrución regulando as condicións de traballo, responsabilidades, retribucións e como se ían valorar eses servizos prestados nos distintos procesos de selección .

**Agora vemos como o SERGAS envía directamente aos centros estas instrucións, que non respectan a formación MIR e recollen modificacións das condicións laborais e salariais, sen negociar.**

- ☑ As instrucións **non aclaran como se vai garantir a supervisión e que profesionais a asumirán** nos ámbitos onde se desenvolva o traballo da encomenda.
- ☑ **Estas instrucións, non negociadas, invitan a vulnerar o pacto de contratacións**, xa que deixan en mans das xerencias, que se poida ofertar as/os profesionais que aceptan estas encomendas contratos (sen definir tipo nin a duración) para cando acaben o período formativo.
- ☑ Recollen que o **tempo de encomenda poderá ser valorado** para todos os procesos pero **só no caso de que a encomenda se preste en atención primaria ordinaria.**
- ☑ Ofertan unhas **retribucións que non se corresponden coas percibidas polos profesionais aos que substituirían.** Descoñecemos como se realizou ese cálculo.
  - ↳ Durante a pandemia tamén se realizaron encomendas as/os MIR, pero a instrución recoñecía **“as percepcións económicas da categoría profesional correspondente”** así coma **“promover a valoración dos servizos prestados na citada categoría/especialidade”.**

**O Conselleiro de Sanidade volve a faltar ao respecto á Mesa Sectorial, e xa non é a primeira nin a segunda vez!**

**CIG-Saúde esixe que se respecte o programa de formación de residentes e se retire esta encomenda de funcións.**

